

Concurso de Relatos Ilustrados (5º Edición)

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega e da Lectura convoca a **5º edición do Concurso de Relatos Ilustrados** que esta vez estará dedicado a **Carlos Casares**.

Estableceranse **sete categorías** de participación.

- I. Ed. Infantil
- II. 1º ciclo Ed. Primaria
- III. 2º ciclo Ed. Primaria
- IV. 3º ciclo Ed. Primaria
- V. 1º ciclo Ed. Secundaria
- VI. 2º ciclo Ed. Secundaria
- VII. Educación Especial

1. Os **proxectos (ilustración/composición plástica baseada nun fragmento dun relato de Casares)**, deberán incluír o fragmento no que se basean, terán que ser orixinais, inéditos e de libre elección polo alumnado.
2. O **material escollido para a súa realización** quedará tamén á libre elección do participante.
3. A **dimensión** mínima do traballo non será inferior a DIN-A4 e non excederá o tamaño dunha cartolina (75x50cm). Só se aceptarán como máximo 2 traballos por autor/a.
4. **Os traballos presentados non serán asinados**. Na súa parte traseira figurará o nivel no que se concurra e un pseudónimo. Virán acompañados dun sobre pechado en cuxo interior se introducirán os seguintes datos: nome e apelidos, pseudónimo e curso do autor/a. No anverso do sobre figurará, de novo, o nivel no que se concurra e un pseudónimo.
5. O prazo de **admisión dos orixinais** finalizará o xoves **30 de novembro** e remitiranse a calquera dos membros do equipo de dinamización a través do titor ou titora.
6. O EDLG designará un xurado cualificador que será quen decida sobre calquera dúbida ou modificación pertinente destas bases. Ademais, a súa resolución será inapelable.
7. **En cada categoría establecerase un único premio.**
8. O anuncio da resolución e a **entrega de premios** farase pública o día **21 de decembro**, durante a celebración do festival de Nadal
9. O EDLGL resérvase o dereito da publicación dos traballos presentados.
10. A participación neste concurso significa a plena aceptación destas bases e a resolución do xurado.

Estas bases poderedes atopalas tamén no Blog do equipo (Xavedes).

EDLGeL